

CONCURSO #ZALACANCELO 2022/2023

#50aniversario

Bases do concurso

1. Estableceranse dúas categorías: unha para a ESO e outra para Bacharelato e Ciclos Formativos.
2. Os dous cancelos gañadores utilizaranse para acompañar as publicacións en redes sociais durante o curso 2022/23.
3. O cancelo debe ser representativo da conmemoración do 50 aniversario do instituto. Valorarase a orixinalidade, corrección ortográfica e representatividade para a comunidade.
4. O cancelo ten que estar en galego.
5. Por cada categoría o EDLG elixirá dous finalistas que serán publicados no Instagram de Zalaeta o mércores 9 de novembro.
6. O cancelo gañador para cada categoría será elixido por votación a través de Instagram Stories o día 11 de novembro, ata as 23.59h.
7. O premio para cada categoría será un vale de 30€ para a FNAC.
8. Se o xurado o estima conveniente pode acordar accésits.

Para participar debes enviar a túa proposta (máximo dúas por persoa) ao enderezo edlg@zalaeta.gal ou na caixa do correo situada na entrada do instituto.

- No email indicarás:
Asunto: Zalacancelo
Incluirás unha ou dúas propostas, o teu nome e apelidos e curso.
- O prazo para entregar propostas rematará o venres 4 de novembro ás 20h.
- O mércores 9 de novembro publicaranse os dous cancelos seleccionados para cada categoría.
- A votación en Instagram Stories abrirase o venres 11 de novembro, ata as 23.59h.
- Só poderá participar alumnado do instituto.

Anímate a participar!

EDLG